



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

Newsletter

Novembro 2020

PATRIMONIO

## O Consorcio divulga o valor do patrimonio entre os máis novos

A cidade de Santiago conmemora este ano o 35º aniversario da súa declaración como Patrimonio da Humanidade por parte da Unesco. Para celebrar esta efeméride, o Consorcio está a promover unha serie de actividades, como encontros e paseos guiados dirixidos á cidadanía. Esta iniciativa enmárcase no proxecto europeo "AtlaS-WH", do que forma parte o Consorcio, centrado na xestión sostible das Cidades Patrimonio da Humanidade incluídas na Área Atlántica.

### Concurso de postais para colexios e charlas nos institutos

Baixo o título *Who cares? (Quen o cuida?)*, estase a organizar un concurso de postais para alumnos de 4º, 5º e 6º de Primaria de todos os centros escolares situados no Concello de Santiago, co fin de coñecer a súa visión sobre o patrimonio compostelán. Ademais, estanse a realizar charlas en institutos da cidade para alumnado de 3º da ESO.



Charla no IES de Sar

## Santiago participa nun encontro internacional de expertos para mellorar a xestión das cidades Patrimonio Mundial

No marco do proxecto europeo "AtlaS-WH", Santiago participou no "5º Encontro Internacional". Os socios integrados nesta iniciativa buscan melloras de xestión e estratexias que permitan lograr cidades históricas vivas e sustentables desde o punto de vista económico, social e medioambiental. Ademais da protección destes espazos urbanos, preténdese garantir a súa reactivación e revitalización.

O resultado principal do proxecto serán os Plans de Xestión e Sostibilidade de cada cidade, dirixidos a mellorar a súa protección e atractivo, promover actividades económicas locais e o benestar social das poboacións, ademais do respecto polo medio.



### Rematan as obras na capela de Santas Mariñas do Sar

O Consorcio de Santiago rematou as obras de mantemento na capela de Santas Mariñas do Sar, por un importe global de 52.959,28 €. A actuación encamiñouse á realización das tarefas de retellado, renovación da pintura das fachadas e renovación da drenaxe exterior dos muros.

MÚSICA

### A RFG réndelle homenaxe ao Padre Calo

A Real Filharmonía de Galicia participa no ciclo "Enclave de cámara" cun concerto dedicado a Beethoven no 250º aniversario do seu nacemento, dirixido por Maximino Zumalave, o 3 de decembro no Auditorio Municipal de Ourense.

O 10 en Santiago e o 11 en Vigo regresa Paul Daniel para a estrea en España de dúas obras, *Within her arms* de Anna Clyne e a *Sinfonía pastoral* de Brett Dean, xunto á *Pastoral* de Beethoven. Os días 17 en Santiago, 18 en Ferrol e 19 en Ourense, renderáselle unha homenaxe ao musicólogo Padre Calo -que falecía en maio-, co programa "In nomine Domini"; baixo a dirección do Mestre Enrico Onofri e a voz da soprano Francesca Aspromonte, en coprodución coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago.



Enrico Onofri regresa coa RFG